



CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADA

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



ASUNTO: INFORME DE AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO LIMITE DE DÉBEDA CON MOTIVO DA APROBACION DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2024.

EXPEDIENTE:739/2024

INFORME DE INTERVENCION

ANTECEDENTES.

A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL. - Constitución Española , artigo 135.

- **Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.**
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento de dita lei, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ao Principio de Estabilidade Orzamentaria (artigos 54.7 e 146.1).
- Regulamento (CE) nº 549/2013 do Parlamento europeo e do Consello da Unión Europea de 21 de maio (DOCE 26-06-2013) , polo que se aproba o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 2010) .
- Regulamento 2223/1996, do consello da Unión Europea.
- Regulamento 2516/2000, do consello da Unión Europea.
- Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, Ministerio de Economía e Facenda.

P3600048G





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



- A Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais (IGAE).
- Lei 31/2022, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024.
- Real Decreto-Ley 2/2020, de 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
- Os artigos 4.1.b), 15.3.c), 15.4.e), 16.4 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Guía relativa á suspensión das regras fiscais de estabilidade orzamentaria nas Entidades Locais

P3600048G

1. DEFINICIÓN LEGAL DE ESTABILIDADE E SUSTENTABILIDADE FINANCIERA NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA LOCAL. A CAPACIDADE/ NECESIDADE DE FINANCIAMENTO SEGUNDO SEC 2010

A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Conforme establece o artigo 11.3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, as Corporacións Locais non poderán incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, polo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Segundo establece o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de Abril, a variación do gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Entenderase por gasto computable os empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea ou





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



doutras Administracións e as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento. A taxa de referencia para o cálculo da regra de gasto será publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade, conforme o artigo 12.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de Abril.

Deberase cumprir o principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública e determinadas magnitudes macroeconómicas, como o PNB., o PIB, a RN, etc.). Serven tamén para analizar os resultados e fixar obxectivos das políticas económicas.

A CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO é un destes saldos ou magnitudes que serviu para fixar os obxectivos da política fiscal e orzamentaria europea, baseada no equilibrio ou estabilidade.. O cumprimento da sustentabilidade financeira debe verificarse comprobando que

P3600048G

2. PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E ENDEBEDAMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS.

A estabilidade orzamentaria implica que de maneira constante, ou ao longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros.

Simplificando, o volume de débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante, sexa cal sexa o crecemento dos recursos, ou a capacidade da entidade para afrontar a carga financeira da débeda.

Supón que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento – amortizacións) debe ser cero. De maneira máis rigorosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

A capacidade inversora municipal verá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

3. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DO PROXECTO DE ORZAMENTO 2024 ANTES DE AXUSTES.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzamentarios correspondentes as previsións definitivas nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e aos





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



créditos definitivos dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos, sen realizar ningún axuste, é de 0,00 €.

CAPACIDADE/NECESIDADE de financiamento ANTES de axustes

En resumo:

Previsións definitivas capítulos Estado de Ingresos 1 a 7 5.373.567,29 €

Créditos definitivos capítulos Estado de Gastos 1 a 7 5.364.005,45 €

Capacidade / necesidade de Financiamento + 9.561,84 €

P3600048G

CAPITULOS GASTO	EUROS	CAPITULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	1.887.280,79	I1- Impostos directos	1.154.910,07
G2- Gastos en bens e servicios	2.208.027,96	I2- Impostos indirectos	-
G3- Gastos financeiros	-	I3- Taxas e outros ingresos	577.230,52
G4- Transferencias correntes	190.800,00	I4- Transferencias correntes	3.418.434,47
G5-Contingencias	5.000,00	I5- Ingresos patrimoniais	3.000,00
G6- Inversións reais	1.046.396,70	I6- Alleam. de invers. reais	-
G7- Transferencias de capital	26.500,00	I7- Transferencias de capital	219.992,23
EMPLEOS (CAP. 1-7)	5.364.005,45	RECURSOS (CAP. 1-7)	5.373.567,29
		CAPACIDADE FINANCIERA	9.561,84

4. CÁLCULO DA CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DO ANO 2020. AXUSTES.





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADA

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



A) INGRESOS:

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

AXUSTE: Aplicarase o criterio de caixa, (ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo), tomando os datos da última liquidación aprobada, exorcizo 2023 do Concello de Cerdedo – Cotobade (Pontevedra):

Capítulos	a) Dereitos Recoñecidos	Recadación		d) Total recadación	e) % recadación
		b) Exercicio Corrente	b) Exercicios Cerrados		
Cap. 1	1.149.260,35	1.024.783,41	84.479,43	1.109.262,84	96,52%
Cap. 2				0,00	0,00%
Cap. 3	312.113,51	372.082,72	5.497,24	377.579,96	120,98%

Que aplicado ás previsións arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulos	Previsións iniciais exercicio 2024	% Axuste	Importe axuste
1	1.149.909,07	1,00 %	- 1.149,90
2	0,00	0,00%	0,00
3	556.021,20	-2,93 %	- 9.144,92

Capítulo 4: Ingresos por participación en ingresos do Estado ou tributos cedidos, segundo o réxime da Entidade.

Outro axuste que cabe realizar nesta fase de ornamentación constitúeo o importe que debe reintegrarse durante 2024 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondente aos exercicios 2008, 2009, 2017 e 2018 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumándoo ás previsións de ingreso por este concepto en 2021, considerando que o Estado realiza un axuste negativo. Axústanse as seguintes cantidades, así (tendo en conta a última liquidación aprobada 2022)

b) ORZAMENTO DE GASTOS





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Non proceden axustes no estado de gastos.

Efectuados os axustes pertinentes **A CAPACIDADE** de financiamento ascende a **267,02€** dando cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria tal como se expón no seguinte cadro resumo:

PRESUPUESTO 2024	
a) Suma de los Capítulos 1 a 7 de Ingresos	5.252.618,89
b) Suma de los Capítulos 1 a 7 de Gastos	5.243.057,05
c) Total capacidad/necesidad de financiación antes de ajustes (a-b)	9.561,84
AXUSTES	
Ajuste por recaudación ingresos Capítulo 1	-- 1.149,90
Ajuste por recaudación ingresos Capítulo 2	0,00
Ajuste por recaudación ingresos Capítulo 3	-8.144,92
(+) Ajuste por liquidación PTE - 2008	0,00
(+) Ajuste por liquidación PTE - 2009	0,00
(+/-) Ajustes por liquidación PTE ejercicios distintos a 2008 y 2009	0,00
Intereses	0,00
Diferencias de cambio	
(+/-) Ajuste por grado de ejecución del presupuesto	0,00
Inversiones realizadas por Cuenta Corporación Local (2)	
Ingresos por Ventas de Acciones (privatizaciones)	
Dividendos y Participación en beneficios	
Ingresos obtenidos del presupuesto de la Unión Europea	
Operaciones de permuta financiera (SWAPS)	
Operaciones de reintegro y ejecución de avales	
Aportaciones de Capital	
Asunción y cancelación de deudas	
Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar a presupuesto (cuenta 413 según Orden HAC/1364/2018)	0,00
Adquisiciones con pago aplazado	
Arrendamiento financiero	
Contratos de asociación público privada (APP's)	
Inversiones realizadas por cuenta de otra Administración Pública (3)	
Préstamos	
Devoluciones de ingresos pendientes de aplicar a presupuesto	
Consolidación de transferencia con otras Administraciones Públicas	
Otros (1)	0,00

P3600048G





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



d) Total ajustes al Presupuesto	-9.294,82
e) Capacidade/Necesidade de financiación (c +/-d)	267,02
En porcentaxe sobre ingresos no financeiros (e/a)	0,01%
CAPACIDADE DE FINANCIACION	

5. CALCULO DA REGRA DE GASTO ORZAMENTO 2024.

A LOEPSF estableceu tamén o obxectivo de Regra de Gasto, pola que o gasto das Administracións Públicas non poderá aumentar por encima da taxa de crecemento de referencia do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española (TRCPIB), como estableceu o artigo 12 da LOEPSF, o que constitúe un control ao incremento dos orzamentos locais por parte do Estado.

Por parte da Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) publicouse unha "Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira para Corporacións Locais", onde desenvolve o ámbito subxectivo de aplicación, o sistema de cálculo dos empregos non financeiros tanto para entidades sometidas a orzamento limitativo, cos axustes SEC de aplicación, como a entidades que aplican a contabilidade privada, a consolidación de transferencias entre entidades que forman o perímetro de consolidación e a determinación do gasto computable.

Tras a modificación da Orden HAP/2105/2012, elimínase a obriga de remitir informe de intervención de cumprimento da regra de gasto antes do 31 de xaneiro de cada ano con motivo a aprobación do orzamento. No obstante, a non obriga de remisión non exime do seu cumprimento e en fase de liquidación si debe avaliarse a verificación do cumprimento, en base ao exposto se estima por esta intervención convinte avaliar esta magnitude con motivo da aprobación do orzamento.

No entanto, tras a suspensión temporal das regras fiscais para 2020, 2021, 2022 aprobada pola maioría absoluta do Congreso dos Deputados ante a emerxencia extraordinaria pola pandemia e con efectos desde o pasado 20 de outubro, cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e a regra do gasto non será obrigatorio para as Entidades Locais. A partir de dita data é aplicable a medida de suspensión, sen que sexa preciso norma de desenrolo.

Polo que, en 2020 non se aplicarán aquelas medidas en relación cos incumprimentos en 2019 de regras fiscais constatados coas liquidacións de orzamentos, ou cos estados contables do peche do exercicio. En 2021 e 2022, tampouco se aplicarán en relación cos resultados das liquidacións de 2020 e 2021, respectivamente.

Asemade, a suspensión das regras fiscais ten as seguintes implicación:





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



- Deixar sen efecto os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e non aplicar a regra do gasto nos anos 2020, 2021, 2022 e 2024.
- Os plans económicos financeiros aprobados como consecuencia do incumprimento dos obxectivos establecidos os ano anteriores deben considerarse superados.
- A suspensión das regras fiscais conlevará asimesmo a suspensión da exixencia de destinar os maiores ingresos e o superávit a redución de débeda.
- As Entidades Locais poderán utilizar os seus Remanentes de Tesourería para o financiamento de modificacións de crédito.
- Mantense o procedemento de autorización de operación de endebedamento, así como as obrigacións relativas ao período medio de pago a provedores, e o control do seu cumprimento.

P3600048G

6. LIMITE DE DEBEDA ORZAMENTO 2024

A LOEPSF (art. 13) establece a obrigación de non superar o límite de débeda pública que para as Entidades locais foi fixado no 2,2%, 1,9 % y 1,8 % do PIB para os exercicios 2020, 2021 e 2022.

Non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre este extremo redúcese a calcular o “nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo” e o “nivel de débeda viva formalizada”. Polo tanto, esta exixencia legal reconducíase a o cumprimento do réxime legal de endebedamento financeiro aplicable a Administración local.

O modelo deseñado pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal con motivo da aprobación do Orzamento , que se cumprimentou a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual do ministerio de Facenda e Administracións Públicas, utilizaba o apuntado criterio de débeda segundo o Protocolo de déficit excesivo que é máis amplo que o que se ha de utilizar para estimar a porcentaxe de débeda viva en termos do artigo 53 do TRLRHL para novas concertacións de préstamos.

O Concello de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) ten na actualidade concertada unha operación de crédito a longo prazo coas seguintes características:





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADA

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



Finalidade	Reforma do local da banda de música de Cerdedo
Importe do proxecto	76.494,72 euros
Prazo de amortización	8 anos
Xuros	Sen xuros
Importe anualidades	9.561,84€

Asemade, recolle no seu punto sexto do informe o seguinte (textualmente):

▪ AFORRO NETO

INGRESOS liq 2023	Dereitos recoñecidos	GASTOS liq 2023	Obrigas recoñecidas
I. Impostos Directos	1.125.133,45	I. Gastos de Persoal	1.779.615,42
II. Impostos Indirectos	0,00	II. Gastos en bens Correntes y servicios	3.454.918,94
III. Taxas e outros Ingresos	390.055,15		
IV. Transferencias Correntes	3.836.841,25	IV. Transferencias Correntes	166.910,15
V. Ingresos Patrimoniais	0,00		
(A) TOTAL INGRESOS	5.352.029,85	(B) TOTAL GASTOS	5.401.444,51

P3600048G

AXUSTES AO CALCULO	
AFORRO BRUTO (A-B +/- AXUSTES)	-49.414,66
Anualidade Teórica de Amortización*	9.561,84
AFORRO NETO NEGATIVO	-58.976,50

- **DÉBEDA VIVA:** Segundo o establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo o límite de débeda, sen a necesidade de pedir autorización ao correspondente organismo competente, estaba situado no 75 % dos recursos correntes liquidados. De acordo





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



cos datos da liquidación de 2021, o Concello de Cerdedo-Cotobade non ten concertada na actualidade ningunha operación de crédito nin a longo nin a curto prazo.

CAPITAL VIVO A EFECTOS DEL ART.53 TRLRHL Y LA DF 31 LPGE 2013 (1+2+3+4+5)	47.809,20
B) INGRESOS CORRENTES LIQUIDADOS ULTIMA LIQUIDACION EJERCICIO 2024	
a) Dereitos netos liquidados ultimo exercicio por operacións corriante (Cap. I a V)	5.352.029,85
b) -Dereitos liquidados de los capítulos I a V afectados a operacións de capital e cualesquiera outros ingresos extraordinarios aplicados a dichos capítulos que, por súa afectación legal e/ou carácter non recorrente no teñen a consideración de ingresos ordinarios.	166.910,15
TOTAL INGRESOS AJUSTADOS (a-b)	5.185.119,70
C) PORCENTAJE DEUDA/INGRESOS CORRIENTES	0,87%%

P3600048G

7. SUSTENTABILIDADE FINANCIERA E CUMPRIMENTO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO.

O artigo 4 da LOEOSF, define a sostibilidade financeira, tras a modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme o establecido na Lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

O artigo 13 da LO 2/2012, baixo a rúbrica de “Instrumentación do principio de sustentabilidade financeira” sinala no apartado sexto que as Administracións Públicas deberán publicar o seu período medio de pago a provedores e dispor dun plan de tesourería que incluírá, polo menos, información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

Por outra parte, como novidade introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, entende por sustentabilidade da débeda comercial, cando o período medio de pago os provedores non supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade.





CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



CONCLUSIONS

En cumprimento da normativa exposta, no tocante ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto esta intervención informa que dados os datos do proxecto de orzamento xeral do exercicio 2024, conclúese que se dá cumprimento ao obxectivo de estabilidade orzamentaria ascendendo a necesidade de financiamento a cantidade de --- **9.561,84 en** aplicación do principio de sustentabilidade financeira, e ao límite de débeda de conformidade coas previsións regulados da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do seguinte modo-

Da acordo aos datos dispoñibles os orzamentos si **Cumpre o límite de débeda.**

Este é o meu informe o que someto a calquera criterio mellor fundado en dereito. A vista do informado o órgano competente acordará o que estime mais convinte aos intereses xerais.

P3600048G

